


CHÉVERE

***CURVA
CURVA
CURVA
ESPAÑA
ESPAÑA***

CHÉVERE 1987-2022

CURVA ESPAÑA



Curva España trata sobre un crime aparentemente sen resolver, unha morte violenta que provoca sospeitas e interrogantes sobre os seus autores, motivacións e consecuencias. A partir da existencia de distintas versións sobre o caso, artellamos unha peza que bebe do xénero policial, ironiza sobre o formato documental combinando teatro e cine en directo e funciona como unha alegoría da construción do estado nación español en paralelo ao deseño do trazado e construción da rede do ferrocarril en España ao longo do século XIX e XX.

O punto de partida da obra é unha historia moi local, un relato que se foi transmitindo oralmente de xeración en xeración entre a xente da comarca de Verín (Ourense), durante os últimos noventa anos: a historia da curva na que se matou o enxeñeiro José Fernández España en 1927, cando traballaba no trazado ferroviario de acceso a Galicia entre Puebla de Sanabria e Ourense.

Outros temas que toca a obra: o caciquismo, o atraso económico de Galicia, as causas da chamada España Baleirada, as consecuencias da Lei Mordaza sobre a liberdade de expresión, a obra e a figura dun filósofo galego esquecido: Eloi Luis André; as fontes da historia e a construción de narrativas populares alternativas á historia oficial.

En escena: Miguel de Lira e Patricia de Lorenzo
Realización audiovisual en directo: Lucía Estévez, Leticia T. Blanco
Iluminación e son: Fidel Vázquez
Dramaturxia e dirección: Xron
Duración: 95'

ORIENTA CION PEDAGÓ XICAS



ALUMNADO

Esta proposta oriéntase principalmente para alumnado de 4º ESO e 2º bacharelato

MATERIAS PRINCIPAIS

Principalmente para se relacionar coa materia de Xeografía e Historia de 4º da ESO e Historia de España de 2º bacharelato

2º ESO

Bloque 3: a revolución industrial
Bloque 2: a era das revolucións liberais

2º BACHARELATO

Bloque 6: a conflitiva construción do estado liberal
Bloque 7: a restauración borbónica
Bloque 8: transformacións económicas no século XIX

OUTRAS MATERIAS

Tamén se relaciona como actividade complementaria con outras materias

Ciencias sociais, historia do mundo contemporáneo
Economía
Tecnoloxía e tecnoloxía da información e da comunicación
Valores éticos
Lingua galega e literatura
Filosofía
Artes Escénicas

COLOQUIO DESPOIS DA FUNCIÓN

A compañía ten dispoñibilidade para realizar un coloquio co alumnado ao rematar a función, con asistencia do elenco e a dirección artística do espectáculo



QUEN É CHÉ VERE

Chévere é unha compañía de axitación teatral con 35 anos de traballo ao lombo, que soubo manter unha proposta de creación propia e un sólido posicionamiento social, político e cultural. En 2014 Chévere recibiu Premio Nacional de Teatro. É a única compañía galega que ten este recoñecemento.

Usando o humor como filosofía, a risa como expresión eo pensamento crítico como ferramenta, as súas obras confrontan no escenario os debates do presente coa memoria dun pasado recente que nos afecta, documentándoo escénicamente cunha linguaxe contemporánea accesible a públicos moi diversos. Algunhas das súas obras son: N.E.V.E.R.M.O.R.E. (2021), Curva España (2019), Eroski Paraíso (2016), As Fillas Bravas (2015), Ultranoite no País dos Ananos (2014), Eurozone (2013), a triloxía Citizen (2010-2011), Testosterona (2009), Tentacular (2006), Radio Universo (2003), O Navegante (2001), hero.es (1999), Annus Horribilis (1995), Big Bang (1992), Río Bravo (1990).



GRACIAS
GRACIAS
GRACIAS
GRACIAS



WWW.GRUPOCHEVERE.EU